

A autonomía como estratexia. Un ámbito de reflexión sobre o literario complexo e necesario

Isaac Lourido

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOURIDO, ISAAC (2011 [2011]). “A autonomía como estratexia. Un ámbito de reflexión sobre o literario complexo e necesario”. *Protexia*: 17, 27. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1413>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOURIDO, ISAAC (2011). “A autonomía como estratexia. Un ámbito de reflexión sobre o literario complexo e necesario”. *Protexia*: 17, 27.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A autonomía como estratexia

Ensaio Un ámbito de reflexión sobre o literario complexo e necesario

deoloxía e autonomía no campo literario galego continúa, amplía e matiza percursos anteriores de Antón Figueroa, encamiñados á adaptación para o estudo da literatura galega de distintos cadros teóricos homologados internacionalmente. E especificamente orientados na última década, como sabemos, para a proxección da teoría do campo literario de Pierre Bourdieu no noso espazo cultural.

O primeiro mérito do libro é o de funcionar como contrapeso perante aplicacións mecánicas, superficiais ou só nominais das teorías bourdianas e da terminoloxía afín. Así deben ser entendidos, por exemplo, os distintos esclarecementos elaborados polo autor arredor da noción de *autonomía*. Fóra de comprensión baseadas en esquemas simplificadores que identifican a autonomía do escritor ou do literario co retiro á torre de marfil, cunha aséptica aposta na *arte pola arte* ou co desenvolvemento de contidos “despolitizados”, Figueroa concreta o significado do concepto no cadro de análise bourdiano, relacionado coa aplicación dunhas *regras da arte* específicas para o campo literario perante a ameaza constante das forzas que sobre el proxecta o campo do poder (económico e político).

Nesta mesma esfera teórica, o autor elabora outra precisión que nos achega á liña central de intervención representada na obra. Atinxe os vínculos establecidos entre autonomización do campo e o que a propósito de autores como Manuel Antonio ou Rafael Dieste podería ser definido como o “desexo de teoría”. É dicir, a activación de prácticas e actitudes de proxección teórica e auto-reflexiva, articuladas habitualmente arredor da estética, como acicate para a minorización dos condicionamentos de tipo ideolóxico proxectados sobre o campo literario e para a súa especialización a respecto doutros campos culturais.

A nova achega de Figueroa entra na historia literaria galega cunha profundidade que determinadas leituras botaran a faltar en obras anteriores. Un primeiro escenario seleccionado é o da Galiza de preguerra, onde o autor identifica determinados indicios de autonomización do campo literario en relación cun campo híbrido de natureza ideolóxica, política e cultural con orixe nas últimas décadas do XIX: aparición da idea de valor literario, aperturas á homologación técnica en perspectiva internacional, loita entre distintas estratexias, especialización no conxunto dos campos artísticos ou, decisivamente, a afirmación de posicións como a de Manuel Antonio que, como forma de distinción perante os axentes con maior poder simbólico, apostaron na teorización e na actualización estética.

A segunda das prospeccións atinxe a reconstrución do campo literario galego/galeguista na década de 1950, para a que Figueroa identifica tres ámbitos de loita: a mesma supervivencia do espazo cultural galego, a configuración dun imaxinario social autónomo e a dialéctica entre *vellos* e *no-*

vos. En relación con este último asunto e coa emerxencia da Nova narrativa galega o libro introduce algunhas propostas ben suxestivas. Por exemplo cando define ese movemento en tanto polo máis autónomo do precario campo literario, que basea a súa estratexia nas devanditas prácticas de teorización, reflexión e internacionalización.

Mais tamén cando establece a súa oposición á tendencia que, con maior prestixio no campo político, opta por repertorios socialrealistas e pretensamente populares, en obediencia a determinadas estratexias anti-teóricas e anti-intelectuais. E asemade na caracterización da dirección fixada por autores como Rodríguez Mourullo en tanto *estratexia de descentramento* que, na distancia marcada en relación cos modelos hexemónicos no campo español, aspira a emanciparse deste.

O principal ámbito de reflexión impulsado por Figueroa é tan complexo como relevante para unha comprensión afinada de estratexias e planificación literarias pasadas e actuais: non son precisamente as estratexias proclives á autonomización do campo, segundo os mecanismos dos que o autor dá conta, as máis efectivas para a consecución dun recoñecemento internacional que, nada raro, acaba por exceder o ámbito literario e acada repercusións nas esferas política e identitaria? // **Isaac Lourido**

Ideoloxía e autonomía no campo literario galego ·

Antón Figueroa · Laivento, 2010 ·

195 páx · 16 euros

